

GALICIA SEGUE A REGISTRAR PEORES ESTADÍSTICAS QUE O ESTADO TANTO EN MATERIA DE DESEMPREGO COMO DE AFILIACIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL

MÁIS EMPREGO E DE MELLOR CALIDADE GRAZAS Á REFORMA LABORAL

Os datos de paro do mes de outubro amosan o dato máis baixo de desemprego desde o ano 1996

Redacción.- Os datos de paro rexistrado e de afiliación á Seguridade Social do mes de outubro, publicados hoxe polo Servizo Público de Emprego (SEPE), mostran unha evolución coherente coas tendencias habituais do mercado laboral neste mes. O incremento do paro, pola súa banda, é máis moderado ao tradicionalmente rexistrado en outubro, nun mes moi marcado pola estacionalidade propia do fin da tempada estival.

Nesta ocasión, hai 2.705 persoas desempregadas máis que no mes anterior, situándose o paro rexistrado nun total de 133.348 persoas, o dato máis baixo para este mes desde 1996. Á súa vez, a afiliación baixa en 3.259 persoas ata alcanzar unha cifra de 1.067.853 persoas afiliadas á Seguridade Social, aínda así, é o mellor valor para un mes de outubro dende o ano 2008. Con respecto ao ano anterior, hai 10.372 persoas menos en desemprego e 19.153 máis na afiliación, un reflexo de que o mercado laboral mantense forte e dinámico a pesar do adverso contexto económico e político no que se desenvolve.

Outubro é un mes no que se producían grandes incrementos do desemprego cada ano, rexistrando un aumento mensual medio de 1996 a 2019, antes da pandemia, de máis de 6.500 desempregados. Agora, con todo, o paro crece, pero de maneira máis moderada ao que era habitual. Desta forma, parece que a xeración de emprego de calidade está a suavizar as grandes variacións periódicas que mostraban as estatísticas laborais. O impulso dado á contratación indefinida e a restrición ao traballo temporal están a permitir reducir os picos de contratación e despedimentos, xa que agora as empresas manteñen aos seus traballadores en persoal dunha tempada a outra, estabilizándose con iso as estatísticas de emprego.

Así, UGT resalta que, dos 64.527 contratos rexistrados este mes, o 33,78% son indefinidos; unha cifra que antes da reforma laboral apenas alcanzaba o 10% dos contratos. Entre eles, destaca o indefinido a tempo completo, que alcanza o 40,1% do total de indefinidos (datos do Estado porque non se des-

glosa a nivel de comunidades autónomas).

Seguir corrixindo deficiencias no mercado de traballo

UGT considera que, aínda que é certo que a xeración de emprego de calidade avanza a bo ritmo, non hai que esquecer que aínda hai unha parte da poboación traballadora que segue mantendo contratos pouco estables, unha realidade que debe situarse en primeiro plano no contexto xeral de boa evolución das cifras de emprego.

Pois, tal e como mostrou a última EPA, o noso mercado laboral aínda sofre dun notable nivel de subemprego (persoas que traballan menos horas das que desexan) e dunha elevada porcentaxe de pobreza laboral. Un 13,9% das persoas traballadoras teñen un contrato parcial, dos que practicamente a metade (un 47,6%), fano de maneira involuntaria por non poder atopar un traballo a tempo completo. Esta é unha das causas fundamentais que xera que o 11,6% da poboación traballadora atópanse nunha situación de pobreza laboral (dato estatal). Unha situación inaceptable para unha das primeiras economías de Europa cuxa pretensión, ademais, é liderar unha transición futura cara a un modelo de desenvolvemento socialmente máis xusto.

Por iso, UGT reclama ao próximo Goberno que se continúe avanzando na protección dos dereitos das persoas traballadoras, analizando os puntos débiles da actual norma laboral e corrixindo as súas posibles deficiencias, co fin de que todas as persoas poidan acceder a un emprego digno que mellore a súa calidade de vida. De forma prioritaria, ademais, débese abordar a necesaria redución da xornada laboral, profundando nunha repartición do tempo de traballo máis equilibrado, que reduza o subemprego e mellore o benestar de todas as persoas traballadoras no seu conxunto.

Radiografía desemprego en Galicia



Concretando os datos que se fan públicos hoxe, en Galicia o desemprego subiu en 2.705 persoas con respecto ao mes anterior (2,07%) e no Estado esta cifra aumentou un 1,36%. No ano, pola contra, rexistrouse unha contracción do desemprego, baixando en 10.372 persoas, un 7,22% menos. Así, o número total de desempregados sitúase en 133.348 persoas, a cifra máis baixa da serie histórica, dende 1996, nun mes de outubro.

Por idades, entre os menores de 25 anos, o desemprego medrou nun 6,61%. Por sexos, no caso dos homes o desemprego sube no mes un 3,20% e no caso das mulleres nun 1,29%. No ano baixou en ambos casos, o 7,5% entre os homes e o 7% entre as mulleres. As mulleres seguen a representar o 58,72% do total do desemprego en Galicia.

En canto aos sectores, dáse unha subida do paro en todos, salvo na construción, no que cae moi levemente. No ano baixa en todos, salvo entre o colectivo de sen emprego anterior.

Territorialmente, sobe o desemprego no mes en todas as provincias. No ano baixa en todas. O dato de contratación indefinida segue a ser moi bo, do 33,78%, aínda que, un mes máis, por abaixo do resto do Estado onde é do 43,6%.

En canto á taxa de cobertura, esta sitúase no 64,17%, con 76.230 persoas beneficiarias.

A afiliación á Seguridade Social sitúase en 1.067.853 de media mensual, descendendo un 0,3% no mes e aumentando un 1,83% no ano.

TERCEIRA SEMANA DE FOLGA NA LIMPEZA DE LUGO

Redacción.- O pasado luns xa se iniciou a terceira semana de folga no sector da limpeza da provincia de Lugo.

Ao longo da semana sucedéronse varias concentracións e o vindeiro sábado está prevista unha manifestación en Lugo á que está chamado o sector da limpeza de toda Galicia, como mostra de solidariedade, que sairá ás 12.00 horas da Casa sindical.

O convenio caducou o 31 de decembro do 2021 e os sindicatos xa desde antes tentaron sentar a mesa de negociación, algo que lles custou moito.

O pasado 20 de xuño convocaron unha xornada de paro e unha semana máis tarde tiveron a última reunión coa patronal. Desde entón, sosteñen que a patronal non lles deu resposta algunha. Isto fai que os sindicatos vexan na patronal unha es-

tratexia para tentar dilatar ao máximo o novo convenio e non revisar os anos anteriores.

Agora mesmo o salario mínimo interprofesional xa supera o recollido polo convenio, xa que o soldo dunha limpadora está uns 1.800 euros por baixo. Por iso é polo que sosteñen que non van pasar por un acordo menor ao que marca a propia Lei.

A proposta da patronal é unha subida do 0% para o 2022 cunha prima non consolidable de 272 euros, subir un 4 % no 2023 cunha prima de 200 euros e outro incremento do 4 % para os exercicios 2024 e 2025 sen ningunha cláusula de revisión.

Os traballadores, que aseguran que xa axustaron as súas propostas,



reclaman un aumento do 5,7% para o 2022, que se correspondería co IPC real, do 5,5 % para o 2023 e do 4 % para o 2024, ademais dunha cláusula de revisión ao cruzamento. Isto para garantir salarios similares ao SMI, xa que a proposta patronal o situaría por debaixo da propia Lei.

O da limpeza é un sector altamente feminizado e con xornadas parciais, ademais de moi precarizado.

OS BOMBEIROS COMARCAIS PROPOÑEN Á XUNTA E DEPUTACIÓNS DÚAS REUNIÓNS SEMANAIS ATA CHEGAR A UN ACORDO

Redacción.- Os bombeiros comarcais de toda Galicia urxen unha solución ao conflito e instan á Xunta e ás catro deputacións provinciais a comprometerse a manter dúas xuntanzas por semana para chegar a un acordo. Para dar o primeiro

paso, o Comité de folga pide ás administracións que acudan o vindeiro luns ao Consello Galego de Relacións Laborais para renovar unhas negociacións, iniciadas en setembro e que levan un mes suspendidas.

Os bombeiros comarcais, que propoñen dúas reunións por semana (os luns e os xoves), tamén estarían dispostos a manter encontros diarios para lograr unha solución.



A FUNDACIÓN LUÍS TILVE ORGANIZA UNHA HOMENAXE EN MONFORTE ÁS VÍTIMAS DA GUERRA CIVIL E A DITADURA

Redacción.- A Lei de Memoria Democrática declarou o 31 de outubro como o Día en Recordo de tódalas vítimas da Guerra Civil e a Ditadura. Con ese motivo, a Fundación Luís Tilve organizou, coa colaboración de UGT-Galicia, FeSMC, a Deputación de Lugo, o Concello de Monforte e a Asociación de Amigos do Ferrocarril unha xornada en Monforte, por ser a comarca de Lemos un dos principais focos da represión sufrida en Galicia.

A conmemoración iniciouse cunha ofrenda floral no monumento ós ferroviarios que loitaron pola liberdade, coa intervención do presidente da Fundación, Benito Núñez López, quen manifestou que: “É a nosa obriga, como cidadáns, lembrar e dignificar a tódalas vítimas que sufriron por defender os valores democráticos; loitadores polos dereitos da xente común, cando a liberdade podía ser sinónimo de morte, e que merecen todo o noso respecto e orgullo. Mulleres e homes valentes como os de Monforte, a maioría deles militantes da UGT e do PSOE. Baluarte de liberdade que sería posteriormente derrubado pola vitoria da barbarie, porque en Galicia non houbo guerra, o que agrava os crimes cometidos na nosa terra, houbo crueldade, violencia gratuita sobre o pobo e as clases máis desfavorecidas”.

Mario Franco González, responsable do Sector ferroviario, falou a continuación en nome da FeSMC de Galicia, lembrando o importante papel dos ferroviarios, un sector fundamental en Monforte xa dende os inicios do movemento obreiro galego, os cales “unha vez producido o golpe, organizaron

un Comité en Defensa da República e unha folga xeral”, o que lles supuxo sufrir unha tremenda represión.

Pechou a ofrenda o presidente da Deputación de Lugo e alcalde de Monforte, José Tomé Roca, quen expuxo que esta homenaxe de “dignificación das vítimas é necesaria para avanzar de cara ó futuro e rexeitar os cantos de sirena daqueles que disfrazan a involución como patriotismo, e para dicir, recuperando a voz dos que sufriron polas súas ideas, que o futuro só é futuro cando é sinónimo de progreso, dereitos, igualdade e liberdade”.

A xornada continuou cunha mesa redonda sobre “O movemento obreiro en Monforte. O Sindicato Ferroviario”, que tivo lugar no Centro Cívico do Malecón, e que foi presentada polo secretario xeral de UGT de Lugo, Ángel Tomé Roca, quen, en representación de UGT-Galicia, agradeceu a participación e recalcou a importancia desta data e da Lei de Memoria Democrática, “dende o firme convencemento de que o coñecemento do noso pasado recente é fundamental para asentar os valores democráticos, evitando repetir erros pretéritos”.

Seguidamente interviñeron Fermín Avellaneda Vázquez, presidente da Aso-

ciación de Amigos do Ferrocarril, e Roxelio Pérez Poza, secretario da Fundación, que fixeron un exhaustivo repaso pola historia do sindicalismo, as sociedades obreiras e, particularmente, do sector ferroviario en Monforte.

Con estes actos e co seu traballo a Fundación quere lembrar a mulleres e homes que foron asasinados na comarca de Lemos, así como a tódolos asasinados en Galicia por defender a democracia, entre os que estaban numerosos compañeiros e compañeiras.



OS PERMISOS PARA COIDADADO EN ESPAÑA SEGUEN TENDO CARA DE MULLER

Redacción.- A vicesecretaria xeral de UGT, Cristina Antoñanzas participou na xornada ‘Corresponsabilidade e novos permisos’, onde incidiu na importancia de promover a “corresponsabilidade para que os homes, dunha vez por todas, implíquense nos coidados e que cando falemos de permisos, non teñan cara de muller”.

Cristina Antoñanzas lembrou que as cifras son moi túzaras e as estatísticas demostran que “os permisos para coidado de menores ou maiores ou as excedencias seguen sendo solicitados maioritariamente polas mulleres. Tan maioritariamente, que os datos lanzan unhas porcentaxes do 80% de mulleres, fronte ao 20% de homes”.

Antoñanzas advertiu, con todo, que “cando os permisos son remunerados, como o permiso por nacemento, a porcentaxe equipárase e chega case ao 50% - 50%, por iso, o sindicato considera que os permisos deben ser remunerados para que os homes tamén os vaian solicitando porque isto non é unha cuestión de que eles non os queiran solicitar, senón que ten a súa orixe na brecha salarial que existe no noso país e no feito certo de que, por regra xeral, os salarios das mulleres son máis baixos no noso país polo que unha parella, á hora de decidir quen reduce a súa xornada ou solicita unha excedencia, determínanos polo que menos ingresos ten. Hai que ir cambiando esta tendencia e que os homes se vaian incorporando cada vez máis a eses coida-

dos”.

“Nese sentido, preocúpanos, especialmente, o permiso de 8 semanas ata que o neno ou a nena teñen 8 anos, que, en principio está non remunerado polo que maioritariamente van a solicitar as mulleres, por iso desde UGT imos seguir insistindo en que ese permiso ten que ser totalmente remunerado”.

A vicesecretaria xeral de UGT explicou que “España é un dos países europeos con máis permisos para o coidado, sobre todo, en idades temperás, pero que estes novos permisos, que son a trasposición dunha directiva europea que entrou en vigor o 1 de xullo no noso país, teñen que ter un desenvolvemento regulamentario”.

É NECESARIO LIMITAR AS EXCESIVAS MARXES EMPRESARIAIS E AUMENTAR SALARIOS

Redacción.- Os datos do IPC adiantado do mes de outubro, publicados esta semana polo INE, sitúan a inflación anual nun 3,5%, polo que se mantén estable respecto a setembro. Así pois, prodúcese unha moderación do efecto chanzo nos produtos enerxéticos, a pesar das subidas no prezo da electricidade, fronte á forte caída mostrada en outubro do ano pasado. Este fenómeno persistirá durante o último trimestre do ano, aínda que queda por ver se será compensado, como neste mes, polo abaratación anual doutros produtos.

Pola súa banda, a taxa subxacente, que recolle a inflación de compoñente máis estrutural, redúcese seis décimas respecto ao mes anterior, alcanzando unha variación anual do 5,2%, o nivel máis baixo desde maio de 2022. Con todo, supón un valor moi elevado, a pesar do descenso interanual durante tres meses consecutivos. Para reforzar esta dinámica, UGT considera que é necesario seguir mantendo o paquete de medidas anticrise, especialmente daquelas orientadas a protexer a consumidores vulnerables.

O sindicato reclama, igualmente, a ne-

cesidade de combater as excesivas marxes empresariais rexistradas en sectores como o da alimentación, onde todas as actividades económicas que o integran incrementaron os seus beneficios respecto a 2022.

Para iso, débese aumentar a competencia e limitar os prezos máximos dalgúns produtos, promovendo un funcionamento máis eficiente e aliñado ao interese da maioría social do noso país. Ademais, é necesario despregar axudas para o pago das hipotecas a tipo variable, pois a subida desproporcionada do Euribor está a xerar que moitas familias traballadoras non poidan asumir este gasto mensual, poñendo en risco o mantemento da vivenda.

Por último, UGT insiste en que a redución das marxes empresariais debe vir acompañada dun reforzamento da senda



de crecemento salarial. Neste sentido, o novo AENC xa está a cumprir o seu principal labor, posto que a subida media salarial pactada nos convenios novos asinados entre maio e setembro (último dato dispoñible) é do 4,2%, 5 décimas por encima da taxa meda de inflación (3,7%) de maneira que 1,9 millóns de traballadores e traballadoras xa empezaron a recuperar poder de compra.

É fundamental estender esta realidade ao conxunto da poboación traballadora, repartindo os beneficios para consolidar un modelo de crecemento máis xusto e equitativo.


DECEMBRO, DATA CLAVE PARA AS PERSOAS VULNERABLES

Redacción.- O próximo mes de decembro vencen as medidas temporais adoptadas para combater a crise enerxética, e paliar os efectos da mesma, nos consumidores e consumidoras máis vulnerables. Aspectos como a aprobación do mecanismo ibérico, a creación da Tarifa de Último Recurso (TUR 4), a limitación da subida da TUR de gas natural, a modificación do bono social eléctrico, a aprobación de rebaixas fiscais á enerxía, e a prohibición do corte das subministracións esenciais (electricidade, auga e gas natural) ás persoas beneficiarias do bono social eléctrico.

UGT considera que a erradicación da pobreza enerxética debe ser un obxectivo político. Algunhas medidas deberían continuar e outras deberían desaparecer, gradualmente, para diminuír o impacto que podería ter o feito de eliminalas todas á vez. O sindicato reclama que se siga protexendo aos máis vulnerables, garantíndolles o dereito fundamental ás subministracións esenciais, prorrogando a prohibición da desconexión,

e xestionando adecuadamente a falta de pagamentos, mediante sistemas de pagos a prazos ou prazos diferidos; fortalecendo os servizos sociais; creando oficinas de información e asesoramento; e desenvolvendo unha maior xustiza fiscal enerxética.

O Goberno en funcións debe tomar urxentemente unha decisión sobre se prorroga ditas medidas ou as dá por finalizadas. O país atópase nun contexto incerto. A día de hoxe, a guerra de Ucraína continúa e, unido ao conflito entre Israel e Palestina, provocan unha gran incerteza sobre a subministración de enerxía. Ademais, a chegada do inverno supón a etapa na que se incrementa o consumo enerxético para combater as baixadas de temperatu-



ras.

En España, segundo os datos do boletín de indicadores eléctricos da Comisión Nacional do Mercado da Competencia (CNMC), en febreiro de 2023 gozaban do bono social eléctrico 1.395.612 persoas consumidoras, e en maio (último dato dispoñible), fixérono 1.494.274, o que supuxo un incremento de 98.662 (un 6,6%). É dicir, as cifras de pobreza enerxética seguen aumentando.